

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**943** *Real decreto 43/2015, do 2 de febreiro, polo que se modifican o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e o Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.*

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, determinou, entre outras cousas, as directrices para o deseño dos títulos de grao. En concreto, dispúxose que os plans de estudo das titulacións de grao deben ter 240 créditos. Nestes créditos incluíase toda a formación teórica e práctica que o estudante tiña que adquirir. O Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, establecía que, con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento era necesario estar en posesión dos títulos universitarios oficiais españois de grao, ou equivalente, e de máster.

Actualmente, por tanto, un estudante universitario en España necesita, para acceder a un programa de doutoramento, con carácter xeral, ter realizado os estudos de grao, cun mínimo de 240 créditos, e ter realizado os estudos de máster, cun mínimo de 60 créditos. Nos países da nosa contorna os estudantes poden acceder ao doutoramento con titulacións universitarias de grao que teñen 180 créditos, e coa titulación universitaria de máster, que ten un plan de estudos de 120 créditos. Esta discrepancia entre a configuración dos estudos universitarios en España e nos países da nosa contorna dificulta a internacionalización dos nosos egresados universitarios.

No contexto actual, o Goberno considera importante garantir a internacionalización dos estudantes que cursasen as súas titulacións no marco do Espazo Europeo de Educación Superior. Para isto, é necesario dar a posibilidade de homoxeneizar, nos casos en que se vexa conveniente, a duración dos estudos universitarios de grao e de máster en España coa duración destes estudos nos países da nosa contorna.

Con esta nova norma, as titulacións de grao en España terán que ter, con carácter xeral, un mínimo de 180 créditos e un máximo de 240 créditos. Cando se trate de títulos oficiais españois que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas, o Goberno establecerá as condicións ás cales se deberán adecuar os correspondentes plans de estudos, que, ademais, se deberán axustar, se for o caso, á normativa europea aplicable. Para acceder aos programas de doutoramento será requisito necesario ter a titulación universitaria de grao e a titulación universitaria de máster e reunir entre as dúas titulacións universitarias 300 créditos.

No proceso de elaboración deste real decreto foi consultado o Consello de Universidades e a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xaneiro de 2015,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias, queda modificado como segue:

Un. O número 3 do artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«As ensinanzas universitarias oficiais concretaranse en plans de estudos que serán elaborados polas universidades, con suxeición ás normas e condicións que lles sexan de aplicación en cada caso. Os ditos plans de estudos deberán ser verificados polo Consello de Universidades e autorizados na súa implantación pola correspondente comunidade autónoma, de acordo co establecido no artigo 35.2 da Lei orgánica 6/2001, modificada pola Lei 4/2007, de universidades. Os títulos a cuxa obtención conduzan deberán ser inscritos no RUCT e acreditados, todo isto de acordo coas previsións contidas neste real decreto. As axencias de avaliación terán en conta, á hora de verificar e acreditar os títulos, que as propostas das universidades primen os contidos xeneralistas e de formación básica nos plans de estudos de títulos de grao e os contidos especializados nos plans de estudos de títulos de máster.»

Dous. O artigo 12 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os plans de estudos conducentes á obtención do título de grao serán elaborados polas universidades e verificados de acordo co establecido no presente real decreto. Na elaboración dos plans de estudos, a universidade primará a formación básica e xeneralista e non a especialización do estudante.

2. Os plans de estudos terán entre 180 e 240 créditos, que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir: aspectos básicos da rama de coñecemento, materias obrigatorias ou optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de grao ou outras actividades formativas.

Nos casos en que unha titulación de grao teña menos de 240 créditos, as universidades, conforme o establecido no artigo 17 do presente real decreto, arbitrarán mecanismos que complementen o número de créditos de grao co número de créditos de máster, de maneira que se garanta que a formación do grao é xeneralista e os contidos do máster se orienten cara a unha maior especialización.

3. Estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao.

4. A universidade propondrá a adscrición do correspondente título de graduado ou graduada a algunha das seguintes ramas de coñecemento:

- a) Artes e Humanidades.
- b) Ciencias.
- c) Ciencias da Saúde.
- d) Ciencias Sociais e Xurídicas.
- e) Enxeñaría e Arquitectura.

A dita adscrición será igualmente de aplicación naqueles casos en que o título estea relacionado con máis dunha disciplina e farase respecto da principal.

5. O plan de estudos deberá conter un número de créditos de formación básica que alcance, ao menos, o 25 por cento do total dos créditos do título.

Dos créditos de formación básica, ao menos o 60 por cento serán créditos vinculados a algunhas das materias que figuran no anexo II deste real decreto para a rama de coñecemento a que se pretenda adscribir o título e deberán concretarse en disciplinas cun mínimo de 6 créditos cada unha, que deberán ser ofertadas na primeira metade do plan de estudos. Os créditos restantes, se for o caso, deberán estar configurados por materias básicas da mesma ou doutras ramas de coñecemento das incluídas no anexo II, ou por outras materias, sempre que se xustifique o seu carácter básico para a formación inicial do estudante ou o seu carácter transversal.

6. Se se programan prácticas externas, estas terán unha extensión máxima do 25 por cento do total dos créditos do título, e deberanse ofrecer preferentemente na segunda metade do plan de estudos.

7. O traballo de fin de grao terá un mínimo de 6 créditos e un máximo do 12,5 por cento do total dos créditos do título. Deberase realizar na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.

8. De acordo co artigo 46.2.i) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Para efectos do anterior, o plan de estudos deberá considerar a posibilidade de que os estudantes obteñan un recoñecemento de, ao menos, 6 créditos sobre o total do dito plan de estudos, pola participación nas mencionadas actividades.

9. Cando se trate de títulos que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España, o Goberno establecerá as condicións ás cales se deberán adecuar os correspondentes plans de estudos que, ademais, se deberán axustar, se for o caso, á normativa europea aplicable. Estes plans de estudos deberán, en todo caso, deseñarse de forma que permitan obter as competencias necesarias para exercer esa profesión. Para tales efectos a universidade xustificará a adecuación do plan de estudos ás ditas condicións.

Naqueles supostos en que a normativa comunitaria impoña especiais exigencias de formación, o Goberno establecerá as condicións ás cales se refire o parágrafo anterior, mesmo cando o correspondente título de grao non habilite para o exercicio profesional de que se trate pero constitúa requisito de acceso ao título de máster que, se for o caso, se determinase como habilitante.

10. Os títulos de grao que por exigencias de normativa da Unión Europea sexan de ao menos 300 créditos ECTS dos cales un mínimo de 60 participen das características propias dos descritores correspondentes ao nivel de máster, poderán obter a adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES. Para tal efecto, deberán someter ao procedemento previsto na disposición adicional décimo cuarta do presente real decreto.»

Tres. A letra a) do artigo 13 queda redactada da seguinte maneira:

«a) Sempre que o título a que se pretende acceder pertenza á mesma rama de coñecemento, serán obxecto de recoñecemento ao menos o 15 por cento dos créditos correspondentes a materias de formación básica da dita rama.»

Catro. O número 1 do artigo 15 queda redactado da seguinte maneira:

«Os plans de estudos conducentes á obtención do título de máster universitario serán elaborados polas universidades, verificados de acordo co establecido no presente real decreto e, na súa elaboración, as universidades primarán a especialización dos estudantes».

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.*

O Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 6 do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, queda redactado da seguinte maneira:

«1. Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de grao, ou equivalente, e de máster universitario, ou equivalente, sempre que se superasen, ao menos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.»

**Disposición adicional única.** *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

**Disposición transitoria única.** *Extinción ou modificación de graos de 240 créditos.*

Aos estudantes que iniciasen graos de 240 créditos que se vaian extinguir, ou que posteriormente pasen a ser de menos de 240 créditos, seranlles de aplicación as disposicións reguladoras polas cales iniciaron os seus estudos. Malia isto, as universidades, sen prexuízo das normas de permanencia que sexan de aplicación, garantirán a organización de, ao menos, catro convocatorias de exame nos dous cursos académicos seguintes á data en que se produza a extinción do título de grao ou a transformación en grao de menos de 240 créditos na correspondente universidade. Os estudantes que non obteñan o título de 240 créditos unha vez esgotadas as convocatorias ofrecidas terán dereito ao recoñecemento da parte dos créditos superados, de acordo co artigo 6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais, e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia, e é de aplicación en todo o territorio nacional.

**Disposición derradeira segunda.** *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,  
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA